



ELECCIÓN NAS SOCIEDADES DE CAZA

Os procesos electorais das entidades deportivas (sociedades e clubs) deberán desenvolverse conforme ao previsto nos seus respectivos estatutos.

No caso daquelas entidades que teñen os estatutos modelo FGC actualizados, o RÉXIME ELECTORAL establece como deberá desenvolverse o proceso electoral para a elección de presidente e xunta directiva destas entidades.

As entidades que teñen os estatutos modelo actualizado da FGC poderán descargar nesta sección os documentos e modelos necesarios para levar a cabo o proceso electoral:

1. **REXIME ELECTORAL.** Modelo estándar establecido no modelo de Estatutos da FGC.
2. **MODELO CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL.** Modelo da convocatoria da asemblea xeral extraordinaria na que se convocarán as eleccións, na que se establece a orde do día conforme ó Réxime Electoral.

Deberá terse en conta que entre a data da convocatoria e o día sinalado para a celebración da asemblea terán que mediar, como mínimo, dez días naturais, e non poderán transcorrer máis de vinte.
3. **MODELO DE ACTA DA ASEMBLEA XERAL.** Modelo de acta asemblea xeral extraordinaria na que se acorda a convocatoria de eleccións a presidente e xunta directiva.
4. **MODELO DE CALENDARIO ELECTORAL.** Respecto ao Calendario Electoral cumpre sinalar que deben manterse todos os trámites previstos neste modelo pero os prazos (os días) poderán alongarse ou acurtarse dentro do razoable.
5. **MODELO DE ESCRITO DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS E ACEPTACIÓN DE CARGOS.** Modelo de documento para a presentación de candidaturas e para a aceptación de todos os cargos que a compoñen.
6. **MODELOS DE ACTAS DA XUNTA ELECTORAL.** A Xunta Electoral deberá reunirse en función do establecido no calendario electoral, levantando acta dos seus acordos. Para simplificar este labor o *documento 6* contén uns modelos de actas cos diferentes supostos que poderían darse nos procesos electorais.
7. **MODELOS DE SOLICITUDE E ACREDITACIÓN DE INTERVENTORES.** Modelo de solicitude e de acreditación, por parte da Mesa Electoral, dos apoderados ou interventores. Os candidatos poderán estar presentes ou representados na mesa electoral o día das votacións, para elo o candidato que encabeza a lista deberá solicitalo á Xunta Electoral no prazo que estableza o calendario electoral.